

Estas tres audioguías ficcionadas forman parte de **Contos do Mar**, un proxecto participativo que quere poñer en valor o patrimonio inmaterial vinculado á cultura mariñeira. Unha iniciativa da **Confraría do Pindo** e dos concellos de **Carnota, Dumbria e Fisterra**, que conta co apoio do **GALP4**.


As audioguías foron deseñadas e elaboradas polo **grupo Chévere** (Premio Nacional de Teatro 2014), co obxectivo de achegar un retrato sonoro do territorio e da forma de vida da poboación nos últimos cen anos. Produto dun coidado proceso de documentación identificáanse feitos, personaxes e espazos representativos da historia cotiá de cada concello.

Estas tres audioguías ficcionadas forman parte de **Contos do Mar**, un proxecto participativo que quere poner en valor el patrimonio inmaterial vinculado a la cultura marinera. Una iniciativa de la **Cofradía del Pindo** y de los ayuntamientos de **Carnota, Dumbria y Fisterra**, que cuenta con el apoyo del **GALP4**.

Las audioguías fueron diseñadas y elaboradas por el **grupo Chévere** (Premio Nacional de Teatro 2014), con el objetivo de acercar un retrato sonoro del territorio y de la forma de vida de la población en los últimos cien años. Producto de un cuidado proceso de documentación se identifican hechos, personajes y espacios representativos de la historia y la vida local.

These three fiction audio guides are part of **Contos do Mar** (Stories of the Sea), a collaborative project that aims to showcase the intangible heritage of the seafaring culture. The project has been developed by the **O Pindo Fishing Guild** and **Carnota, Dumbria and Fisterra** city councils, with the support of **GALP4**.

The audio guides were designed and developed by the theater **group Chévere** (National Theater Award 2014). The goal is to create, through sound, a portrait of these lands and the lifestyle of its inhabitants over the last 100 years. By careful processing of documents, we uncover facts, present characters and highlight the areas which best represent everyday local history.



# AUDIOGUÍAS FICCIONADAS

## DRAMATISED AUDIO GUIDES

CARNOTA » DUMBRIA » FISTERRA



AUDIOGUÍAS  
ficcionadas



## Que son as audioguías? Como funcionan?

Esta é unha invitación a realizar un paseo audioguiado, que se pode facer en grupos pequenos, en parella ou individualmente e sen concertar cita previa. As audioguías son relatos ficcionados e teatralizados, sempre ligados aos espazos polos que discorre o paseo, posibilitando unha inmersión emocional na paisaxe, nas voces e nas historias locais. Só tes que acudir aos puntos de información municipal indicados para cada concello e solicitar os auriculares necesarios para o paseo. Unha vez postos, segue as indicacións que están gravadas e xa podes empezar a andar.

## ¿Qué son las audioguías? ¿Cómo funcionan?


Esta es una invitación a realizar un paseo audioguiado, que se puede hacer en grupos pequeños, en pareja o individualmente y sin concertar cita previa. Las audioguías son relatos ficcionados y teatralizados, siempre ligados a los espacios por los que discurre el paseo, posibilitando una inmersión emocional en el paisaje, en las voces y en las historias locales. Solo tienes que acudir a los puntos de información municipal indicados para cada ayuntamiento y solicitar los auriculares necesarios para el paseo. Una vez puestos, sigue las indicaciones que están grabadas y ya puedes empezar a andar.


## What are audio guides? How do they work?

We invite you to take this audio-guided tour, which can be undertaken in small groups, in pairs or individually and without the need to book in advance. The audio guides are presented as fictional and dramatized stories, linked to the areas visited on the walks, and which allow an emotional immersion in the landscape, as well as in the voices and stories of its population. Just go to the city council's information point, which can be found in each town, and ask for the headphones for the walk. Then follow the recorded instructions and begin your audio-guided walking tour.

## CARNOIA


O paseo polo Pindo supón a descuberta dun lugar tradicionalmente illado, dunha sorprendente singularidade xeográfica, que garda unha rica historia ligada ao mar e ao monte sagrado do Pindo. Vainos guiar a voz dun vello mariñeiro que coñece os recantos de cada pedra, de cada barco, de cada casa. Con el visitaremos edificios e lugares vencellados a actividades pesqueiras, descubriremos outeiros que foron illas, lagoas perdidas na memoria e costumes enterrados na area da praia. E coñeceremos historias do Monte Pindo que tanto se poden confundir coa lenda, como formar parte dun pasado recente silenciado.


 El paseo por el Pindo nos invita a descubrir un lugar tradicionalmente aislado, de una sorprendente singularidad geográfica, que guarda una rica historia ligada al mar y al monte sagrado del Pindo. Nos va a guiar la voz de un viejo marinero que conoce los secretos de cada piedra, de cada barco y de cada casa. Con él visitaremos edificios y lugares vinculados a actividades pesqueras, descubriremos colinas que fueron islas, lagunas perdidas en la memoria y costumbres enterradas en la arena de la playa. Y conoceremos historias del Monte Pindo que tanto se pueden confundir con la leyenda, como formar parte de un pasado reciente silenciado.

 The walk through the Pindo gives us an insight into a traditionally isolated place, with a surprising geographical singularity and a rich history linked to the sea and the sacred mountain of Pindo. We will be guided by the voice of an old sailor who knows all the nooks and crannies of each rock, ship or house in the area. With him we will visit buildings and places linked to fishing activities, discover hills that were once islands, lagoons lost in memory and customs buried in the sands. In addition, we will hear stories of Monte Pindo, the legends surrounding it and the silencing of its recent history.

## DUMBRIA


O paseo polo Ézaro comeza na praia, mirando o amplo horizonte que se abre no mar, transcorre pola beira dunha estreita ría que nin chega a selo e remata na impresionante fenda que o río Xallas abriu nunha paisaxe abrupta e montañosa. O río condutor a través deste territorio de tantos contrastes serán as voces das mulleres que tiveron que traballar sen descanso para sobrevivir a unha época especialmente difícil. Mulleres que turraron das redes na praia, que subiron á montaña carrexando peixe, que traían toradas de piñeiros á cabeza, que ían torar baleas, que subían sacos de cemento e pedras para as obras dos encoros río arriba..


 El paseo por Ézaro comienza en la playa, mirando el amplio horizonte que se abre en el mar, transcurre por la orilla de una estrecha ría que ni llega a serlo y acaba en la impresionante grieta que el río Xallas abrió en un paisaje abrupto y montañoso. El hilo conductor a través de este territorio de tantos contrastes serán las voces de las mujeres que tuvieron que trabajar sin descanso para sobrevivir a una época especialmente difícil. Mujeres que tiraron de redes desde la playa, que subieron a la montaña transportando pescado, que traían troncos de pinos sobre la cabeza, que iban a despiezar ballenas, que subían sacos de cemento y piedras para las obras de los embalses río arriba..

 The walk through Ézaro starts on the beach, facing the wide horizon that spreads out from the sea, then running along the shore of a narrow estuary and ending at the impressive crevasse the Xallas River forged in this craggy, mountainous landscape. The voices that will guide us through this contrasting terrain, belong to the women who worked tirelessly to survive in especially difficult times. Women who helped haul in the nets from the beach, who climbed the mountain to transport fish, who carried pine trunks on their heads, who cut up the whales or carried bags of cement and stones to build the reservoir.

## FISTIERRA

Fisterra é o Cabo da Fin do Mundo e a necesaria prolongación do Camiño de Santiago, pero sobre todo é unha vila que non renuncia ao seu carácter mariñeiro. Na compañía dun imaxinario programa de radio, atravesaremos rúas, prazas, caellas, praias e castelos descubriendo relatos, personaxes, sucesos, oficios e curiosidades que permanecen asociadas a eses lugares. Historias case sempre ligadas ao mar, á pesca, ao tráfico marítimo e ao simple feito de vivir rodeada de océano.

 Fisterra es el Cabo del Fin del Mundo y la necesaria prolongación del Camino de Santiago, pero sobre todo es un pueblo que no renuncia a su carácter marinero. En compañía de un imaginario programa de radio, atravesaremos calles, plazas, callejones, playas y castillos descubriendo relatos, personajes, sucesos, oficios y curiosidades que permanecen asociadas a esos lugares. Historias casi siempre ligadas al mar, a la pesca, al tráfico marítimo y al simple hecho de vivir rodeada de océano.

 Fisterra is considered to be the cape at the End of the World and the necessary extension of the Camino de Santiago (St. James's Way), but more especially it is a town that has not renounced its seafaring nature. In the company of an imaginary radio program, we will cross streets, squares, alleys, beaches and castles discovering stories, characters, events, trades and curiosities that remain associated with those places. Stories linked to the sea, fishing, maritime traffic and the simple fact of living surrounded by the ocean.



AUDIOGUÍAS  
ficcionaladas

Contacto:



WWW.CONTOSDOMAR.COM



XUNTA  
DE GALICIA



Fondo Europeo  
Marítimo e de Pesca  
(FEMP)

